

A ESCOLA DA VIDA

O pecado de saber

28.11.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Hai máis de vinte anos, escribín un artigo que titulei *Educación sexual, unha función social*. Nel comentaba as actitudes retrógradas dos que viran na implantación da coeducación unha porta aberta á promiscuidade. Hoxe, no entanto, todos toleramos, e incluso valoramos moi positivamente, que as aulas sexan compartidas por mozos e mozas sen ningún tipo de restrición. Pero, en pleno século XXI, aínda se seguen a oír esas mesmas voces cando se fala de calquera faceta da educación sexual. A última destas veces foi coa aparición dun cadernillo titulado *El placer en tus manos*, ó que acusan de fomentar a masturbación. Habería que sinalar que ningún mozo vai deixar de facer exploracións sexuais no seu corpo, dígano ou non os libros ou os folletos. Nese pequeno opúsculo de vinte e cinco páxinas explícanse conceptos básicos da bioloxía e a anatomía do home e da muller, e sobre todo, algúns dos erros ou mitos que pesan na cultura que se transmite duns mozos a outros sen ningunha evidencia científica.

Algo que parecen obviar esa xente é que os mozos sempre van ir buscar información afectivo-sexual por calquera medio, chámese este internet, revistas, televisión ou amigos e coñecido, pois a sexualidade e todo o que ela entraña preocúpalles poderosamente, e os adultos debemos ter en conta que moitos deses medios, na maioría das ocasións, ou son pouco didácticos, ou non poñen a información á altura do consultante ou, simplemente, tratan estes temas desde unha perspectiva morbosa ou restritiva.

Todos sabemos que a Humanidade non chegou ata aquí inocente do que son os actos sexuais: todos somos fillos do sexo, como procreación ou como recreación, pero algo que é tan necesario para a formación da persoa e transversal na súa vida, algúns aínda llela escamotean aos mozos. E son eles mesmos, case sempre, os máis asombrados da falta de escrúpulos dos pedófilos, acosadores, exhibicionistas, etc., que se aproveitan dos menores que non saben a que aterse cando se lles presentan. Por iso, manter afastados os mozos dunha información e educación cabal en torno ao sexo e ás relacións afectivas é a única alternativa, e, deste xeito, estase cumprindo, ademais coa función social de educar e desterrando o pecado da ignorancia.